

## ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>) CELEBRADA O DÍA 29/07/2021

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE  
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Asistentes:

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES  
-DONA SONIA OUTÓN CASAL  
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO  
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ  
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA  
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA  
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO  
-DONA MATILDE LAYA LORENZO  
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN  
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ  
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO  
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO  
-D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO  
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ  
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO  
Lista de non asistentes  
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA  
-D. JUAN MARCOS ALCALDE VÁZQUEZ

SECRETARIA  
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA  
TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 29/07/2021, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto. A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 24 de xuño de 2021.
2. Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía emitidas no mes de xuño de 2021.
3. Toma de posesión do cargo de Concelleiro por parte de D. Juan Manuel Fajardo Recouso.
4. Toma de coñecemento do novo voceiro do grupo político municipal de Vilagarcía en Común (en Común), e da súa representación nos órganos colexiados e Comisións Informativas Municipais.
5. Toma de coñecemento das subvencións, concedidas pola Deputación Provincial de Pontevedra ao concello de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do Plan Concellos.
6. Toma de coñecemento do informe de morosidade correspondente ao 2º trimestre/2021 deo Concello e da Fundación de Deportes.
7. Aprobación, se procede, da concertación dunha operación de préstamo a longo prazo por importe de 3.500.000,00€.
8. Aprobación expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario nº02/CE/2021 e de cambio de finalidade de financiamento afectado nº02/CF/2021 como consecuencia de cambios en diversas liñas de actuación da estratexia Vilagarcía Avanza-Fondos FEDER 2014-2020.

9. Aprobación, se procede, do nomeamento dunha persoa representante municipal no Consello Escolar do Ceip Plurilingüe de Rubiáns.
10. Aprobación, se procede, da proposta de determinación de dúas festas locais para o ano 2022.
11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila , para o desenvolvemento dos dereitos das persoas LGTBI e una vila libre de LGTBIFOBIA.
12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, sobre actuacións de mellora e mantemento no Parque da coca e na súa contorna.
13. Aprobación, se procede, da moción presentada polo Grupo Político Municipal Do PP, de apoio á asignación de recursos Do Programa "Next Generation" para as iniciativas ligadas ao ámbito da mobilidade sostible no Concello De Vilagarcía De Arousa e demais Concellos Galegos de menos de 50.000 habitantes
14. Comparecencia do Concelleiro de Obras, Aluemado Público e Relacións Veciñais D. Lino Mourino Santiago.
15. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
16. Mocions presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
17. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
18. Quenda de regos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Insua utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

### **1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 24 DE XUÑO DE 2021.**

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta de 24 de xuño de 2021.

Non habendo ningunha proposta de rectificación, queda aprobada por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21) a acta da sesión anterior de data 24 de xuño de 2021.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:  
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=1>  
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE DE XUÑO 2021:** Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Expte. De Xeración de créditos
- 12 Expte. De Modificación de Créditos
- 1 Rectificación erro erro aritmético resolución
- 4 Alta rexistro de animais potencialmente perigosos
- 5 Licenza animais potencialmente perigosos
- 4 Resolución primeiras alegacións ordinario
- 1 Autorización permiso fogos
- 3 Baixa padrón habitantes por inscrición indebida
- 1 Resolución expediente recadación
- 1 Aboamento servizos prestados en domingos, festivos e noites
- 2 Publicación anuncio DOG/BOP
- 1 Comunicación Xunta de Galicia substitución Tesoureira Xeral
- 1 Comunicación Xunta de Galicia substitución Interventora Xeral
- 1 Delegación da Alcaldía
- 1 Nomeamento Informadora Turística Convenio Consellería 2021
- 2 Nomeamento de funcionario/a Interino/a por substitución de titular
- 5 Gratificación por substitución posto de categoría superior
- 1 Recurso contencioso administrativo reclamación responsabilidade patrimonial
- 1 Recoñecemento de obriga a favor AEAT autoliquidación Mancomunidade
- 1 Retroacción expediente contratación
- 6 Aprobación pregos de contratación
- 3 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde
- 3 Estimación Pagos Duplicados
- 9 Estimación de compensación de débedas
- 5 Estimación liquidacións e baixas
- 4 Estimatoria de recibos
- 1 Estimatoria IAE
- 17 Estimatoria taxas e prezos públicos
- 1 Desestimatoria IBI
- 9 Estimatoria IBI
- 6 Estimatoria IIVTNU
- 18 Estimatoria beneficios fiscais no IVTM
- 1 Pago comisión TPV
- 1 Comisión xuros BBVA
- 12 Pago expedientes Intervención

- 5 Pago expedientes Tesourería
  - 2 Pago préstamos bancarios
  - 4 Comunicación cambio de titularidade de actividade
  - 8 Deber de conservación
  - 2 Recepción urbanización
  - 1 Recurso contencioso administrativo urbanismo
  - 4 Reposición da legalidade urbanística
  - 4 Instalación terraza con mesas e cadeiras
  - 1 Prórroga para execución de obras de construción de vivenda
  - 1 Desestimento a expediente de licenza de obra
  - 1 Arquivo expediente conexión rede saneamento
  - 1 Arquivo expediente de comunicación previa
  - 1 Licenza para segregación
  - 1 Corrección erros resolución Alcaldía para arranxo de fachada
  - 13 Licenza de obra maior
  - 1 Licenza instalación fotovoltaica
  - 2 Ineficacia de comunicación previa obras
  - 2 Licenza de obra menor
  - 1 Licenza instalación toldo
  - 2 Licenza legalización obras
  - 2 Licenza ampliación rede eléctrica
  - 1 Licenza rede de telecomunicacións
  - 1 Renuncia licenza acometida auga
  - 7 Licenza acometida e conexión de auga e saneamento
  - 1 Comunicación apertura de establecemento
  - 36 Comunicación previa realización de obras
- TOTAL: 250

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**3.- TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO POR PARTE DE D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO.-** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de xullo de 2021, do seguinte teor:

Pola Sra. Secretaria dáse conta da recepción no Concello da credencial expedida pola Xunta Electoral Central a favor do Concelleiro D. Juan Manuel Fajardo Recouso por estar incluído na lista de candidatos, presentada por Vilagarcía en Común ás eleccións Locais de 26 de maio de 2019, en substitución e por renuncia de D. Jesús López Rodríguez e previa renuncia anticipada de Dona Susana Camiño Pérez, Don Gaspar Antonio González Somoza, Dona María Mosquera Leal e Don Fernando Quintela Gallego.

Así mesmo faise constar que presentou a correspondente declaración de causas de posible incompatibilidade e actividade e de bens patrimoniais.

Procede que o Sr. Fajardo Recouso xure ou prometa acatamento á Constitución coa finalidade de tomar posesión do cargo de Concelleiro.

A Comisión queda sabedora.

A continuación, de conformidade co disposto no número 8 do artigo 108 da LOREX, o Sr. Concelleiro debe tomar posesión e para adquirir a plena condición do cargo de Concelleiro, debe xurar ou prometer acatamento á Constitución.

Procédese a chamar ao Sr. Concelleiro para que realice a devandita promesa ou xuramento, efectuándoa segundo a seguinte expresión:

- PROMETO por imperativo legal acatar a constitución.

O Sr. Alcalde falle entrega da medalla da Corporación e dalle a benvinda como membro da Corporación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**4.- TOMA DE COÑECEMENTO DO NOVO VOCEIRO DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN (EN COMÚN) E DA SÚA REPRESENTACION NOS ÓRGANOS COLEXIADOS E COMISIÓNS INFORMATIVAS MUNICIPAIS.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de xullo de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta do nomeamento do novo voceiro do Grupo Político Municipal de Vilagarcía en Común, e da súa representación nos órganos colexiados e Comisións Informativas.

VOCEIRO: D. JUAN M. FAJARDO RECOUSO

#### ORGANOS COLEXIADOS

Consello de Normalización lingüística

Consello Local de Consumo

Consello Consultivo Económico e Social

Comisión de Contrl do Plan de Pensións

Mesa de Contratación

Consello Veciñal

Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais

Xerencia de Urbanismo

Concello Municipal da 3ªIdade

#### COMISIÓNS INFORMATIVAS

Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas.

Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade

Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade

Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**5.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS SUBVENCÍONS, CONCEDIDAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS.**

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 29 de xullo de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da relación de investimentos solicitados ao Plan Provincial de obras e Servizos, así como dos importes concedidos:

Denominación	Liña	Importe	Subvención solicitada Deputación Provincial	á	Data do acordo da Xunta de Goberno Local solicitando a subvención
SUMINISTRO DE MAQUINA SEGADORA DE CESPED ESPECIAL PARA CUIDADO DE CAMPOS DE FÚTBOL	LIÑA 1 / REINVERSION POS 18/19 ANUALIDADE 2019	18.029,00€	7.979,71 €		XGL. 19.04.2021
MELLORAS DE URBANIZACIÓN DA RUA PEXEGO	LIÑA 1 / REINVERSION POS 18/19 ANUALIDADE 2019	48.192,62 €	100%		XGL. 26.04.2021
SUBMINISTRO E INSTALACION DE SINALIZACIÓN NOS CEMITERIOS DE VILAGARCIA DE AROUSA E CARRIL	LIÑA 1 / REINVERSION POS 18/19 ANUALIDADE 2019	17.908,00 €	100%		XGL. 26.04.2021
AMPLIACION DA REDE SANEAMENTO E MELLORA DO FIRME EN TRAVESIA PENA E TRAMO DE RÚA PENA, TRABANCA-BADIÑA	LIÑA 1 / REINVERSION POS 18/19 ANUALIDADE 2019	23.479,97 €	100%		XGL. 15.03.2021
AMPLIACION DA REDE DE SANEAMENTO E DE PLUVIAIS EN RÚA VERDEROL-AS CAROLINAS	LIÑA 1 / REINVERSION POS 18/19 ANUALIDADE 2019	15.259,98 €	100%		X.G.L. 15.03.2021
GASTOS LIMPEZA DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA	2º	9.500,00	9.500,00		XGL 18.01.2021
GASTOS DERIVADOS DA CELEBRACIÓN DO IV FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLASCLAS 2021	2	30.500,00€	30.000,00€		XGL 22.01.2021
PROXECTO EMPATIZA PROXECTO EDUCACIÓN EMOCIONAL COA ADOLESCENCIA AFRONTAMENTO ANTE A PANDEMIA	2	9.637,65€	5.000,00€		22.03.2021
LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS NAS QUE SE DESENVOLVE ACTIVIADE DEPORTIVA	2	33.000,00€	6.000,00€		FPSDM
PROXECTO ACTIVATE ACTIVIDADES COGNITIVAS	2	11.400,00€	6.000,00€		05.04.2021
MODIFICADO DA REPARACION DA TERRAZA DO AUDITORIO MUNICIPAL DE VILAGARCIA DE AROUSA (POS 2019)	LIÑA 1 POS 2019 / APLICACION DA BAIXA HABIDA NA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO	76.798,54 €	100%		XGL 10.0502021

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**6.- TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA EN MATERIA DE MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DO CONCELLO E DA FUNDACIÓN DE DEPORTES CORRESPONDENTES AO 2º TRIMESTRE DE 2021.**

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de xullo de 2021, do seguinte teor:

Dase conta ao Pleno da Corporación do informe de morosidade previsto no artigo quinto,

apartado cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais correspondente ao 2º trimestre 2021 (1 de xaneiro a 30 de xuño de 2021), do Concello de Vilagarcía de Arousa e da Fundación de Deportes:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.127.611,44	474.306,11
Investimentos reais	743.340,79	355.820,76
Outros pagos realizados por operacións comerciais	22.838,00	
Pendientes de aplicar a Orzamento		
TOTAL	1.893.790,23	831.773,37

Xuros de demora pagados no trimestre:0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.475.120,40	143.314,78
Investimentos reais	405.946,01	35.197,16
Outros pagos realizados por operacións comerciais	7.140,00	
Pendientes de aplicar a Orzamento	9.179,90	34.736,10
TOTAL	1.897.386,31	213.248,04

Período medio de pago: 54,11 días

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	93.717,73 <sup>0</sup>	
Investimentos reais		
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar a orzamento		
TOTAL	93.717,73 <sup>0</sup>	

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	25.761,16	
Investimentos reais		
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar ao orzamento	726,00	
TOTAL	26.762,74	

Período medio de pago: 28,06 días

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCERTACION DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO POR IMPORTE DE 3.500.000€.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de xullo de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Tesoureira Municipal do seguinte teor:

Asunto: Valoración da/s proposta/s presentada/s para a concertación dun préstamo por importe de 3.500.000 €.

M<sup>a</sup> Carmen Castro Louzao, tesoureira do Concello de Vilagarcia de Arousa, en base o disposto no artigo 5 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o rexime xuridico dos funcionarios de Administracion Local con habilitacion de caracter nacional, informa: Constituida a Mesa de Contratacion en sesion de 15.07.2021 e aberta/s a/s oferta/s, a/s condicion/s presentada/s por cada entidade financeira recollense no seguinte cadro:

ENTIDADE	TIPO VBLE	XURO DEMORA
LIBERBANK SA	Euribor a 3 meses+53 pb	2%

O cumprimento da condicion de custe maximo considerarase no momento de apertura do proceso de licitacion no caso de concursos publicos (28.06.2021).

O custe total maximo (CTM) da operacion no momento da apertura do proceso de licitacion, para un prazo de 15 anos, considerando que se cumpren os criterios de elexibilidade ao Fondo de Impulso Economico era, segundo a Resolucion de 2 de xuño de 2021, da Secretaria Xeral do Tesouro e Financiacion Internacional (publicada no BOE num. 133 de 04.06.2021), pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolucion de 4 de xullo de 2017, o 0,55%.

Euribor o día 28.06.2021: -0,543 %

Oferta Liberbank SA: Euribor a 3 meses + 0,53% = -0,543 % + 0,53% = -0,013%

Polo tanto, a unica oferta presentada cumpre as condicion esixidas para o contrato.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da concertación dunha operación de préstamo a longo prazo por importe de 3.500.000 €.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con 11 votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (11) e sete abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (3), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1)

ACÓRDASE: Por .maioría a aprobación da concertación da operación de préstamo a longo prazo por importe de 3.500.000 € con Liberbank SA de conformidade coa oferta presentada (Oferta Liberbank SA: Euribor a 3 meses + 0,53% = -0,543 % + 0,53% = -0,013%).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**8.- APROBACION EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITO POR CREDITO EXTRAORDINARIO Nº 02/CE/2021 E DE CAMBIO DE FINALIDADE DE FINANCIAMENTO AFECTADO Nº 02/CF/2021.-** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de xullo de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da memoria da Alcaldía do seguinte teor:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA MOFIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO E DO CAMBIO DE FINALIDADE DO FINANCIAMENTO AFECTADO PROCEDENTE DE PRESTAMO INGRESADO.

Á vista do informe-Proposta da Directora DUSI, mediante Providencia da Alcaldía incoáronse os seguintes expedientes:

- Expediente N°02/CE/2021 de modificación de crédito por suplemento de crédito por importe de 91.190,44€.
- Expediente N°02/CF/2021 de cambio de finalidade de financiamento afectado procedente de operacións de préstamo a longo prazo concertadas nos exercicios 2017 e 2018 afecta ao respectivo Anexo de investimentos por un importe global de 91.190,44€.

Co fin de cobertura orzamentaria suficiente os seguintes proxectos de gasto:

APLICACIÓN	Nº PROXECTO	Denominación	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
333-6320017	DUSI (2) Nº 01/12/2018	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL-REHABILITACION HORREO XUNQUEIRA	36.400,00	36.400,00
241-6250017	DUSI (2) Nº 02/12/2018	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL-ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO PARA OFICINA DE FORMACIÓN Y TENCION DIGITAL	367,44	367,44
241-6260017	DUSI (2) Nº 03/12/2018	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL-ADQUISICIÓN DE EQUIPAMIENTO INFORMÁTICO PARA OFICINA DE FORMACIÓN Y TENCION DIGITAL	695,00	695,00
4312-6320017	DUSI (2) Nº 01/16/2018	EMPRESA-AXUDAS NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS EN ZONAS DEPRIMIDAS-REFORMA PLAZA ABASTOS VILAXOAN	23.040,00	23.040,00
333-6320017	DUSI (2) Nº 00/01/2021	FAMILIVUL-APOIO FAMILIAS VULNERABLES FAVORECENDO A INCORPORACION SOCIAL E LABORAL-REHABILITACION HORREO DA XUNQUEIRA	28.000,00	28.000,00
231-6260017	DUSI (2) Nº 00/02/2021	DEPENDIENT-MEDIDAS CARA A POBOACIÓN DEPENDENTE:NOVOS CENTROS DE DÍA,-CENT. DE DISCAPACITADOS-CONECTA-MAIORES	2.688,00	2.688,00
TOTAIS			91.190,44	91.190,44

Tal e como se deixa constancia no informe da Directora DUSI, tendo en conta a evolución da normativa EDUSI e das instrucións que se foron recibindo dende a súa convocatoria, resulta preciso acometer cambios respecto o plantexamento inicial para determinadas liñas de actuación do Obxetivo Temático 9.

A necesidade de cambios ven imposta porque por un lado nos atopamos cun plan que claramente se enfoca en actuacións de inversión, permitíndose moi poucas actuacións en gastos correntes (ata o 10%) o que fai preciso aplicar cambios orzamentarios e de financiamento respecto dos proxectos de gasto corrente inicialmente previstos.

Por outro lado, o proxecto de inversión de rehabilitación do Hórreo del Parque de A Xunqueira ten máis envergadura que a prevista inicialmente polo que é necesario tanto redistribuir crédito de outras liñas de actuación do OT9 inicialmente plantexadas como gasto corrente, dando lugar á creación de novos proxectos de gasto, como empregar financiamento de outros proxectos de gasto de capital alleos a estratexia DUSI.

O feito de que un mesmo proxecto sexa financiado por máis dunha liña foi consultado có Organismo Intermedio, que deu o seu consentemento sempre que se xustifique a implicación das distintas liñas. Esta situación esixe que se modifiquen, algunhas das aplicacións presupostarias que se tiñan establecido na definición inicial dos proxectos para adaptarnos ás novas circunstancias.

Os cambios propostos afectan ás liñas de actuación Actuación INCLU, FAMILIVUL, DEPENDIENT e EMPRESA, remitíndome o informe da Directora DUSI en canto á motivación das



modificacións a aplicar e o detalle técnico das mesmas.

Sinalar ademáis, que en coherencia ca natureza funcional da principal actuación de investimento engadida na actuación INCLU, “REHABILITACIÓN DO HORREO DE A XUNQUEIRA”, principal perceptora dos créditos en alza, o proxecto que sufrirá minoración orzamentaria é “RESTAURACIÓN PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL”, (OBRA 82) N° 01/09/2018).

Polo tanto, e tendo en conta o sobranse de financiamento afectado existente polos motivos expostos, o cal constitúe medios e recursos que poden financiar os aumentos que se propoñen por un importe de 91.190,44€ ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004.

Posto de manifesto mediante informe de Intervención adxunto ó expediente que existen ditos excesos de financiamento no proxecto indicados polo importe solicitado de 91.190,44€.

Esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente N° 02/CF/2021 de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de 91.190,44€, segundo o detalle que consta na providencia de Alcaldía, o que suporá baixas de créditos de gastos nas aplicacións e para os proxectos indicados nos seguintes termos:

Pro.	Eco.	Proxecto	Denominación	CAMBIO DE FINALIDADE
241	6410017	DUSI (2) N° 00/12/2018	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERRVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL	16.320,00
1530	6190017	DUSI (2) N° 00/16/2018	EMPRESA-AXUDAS NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS EN ZONAS DEPRIMIDAS	23.040,00
336	61900	OBRA(2) N° 01/09/2018	RESTAURACIÓN PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL	51.830,44
		TOTAL		91.190,44

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente N° 02/CE/2021 de crédito extraordinario por importe de 91.190,44€ para dotar de crédito os seguintes proxectos de gasto non previstos inicialmente no orzamento 2021:

APLICACIÓN	N° PROXECTO	Denominación	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
333-6320017	DUSI (2) N° 01/12/2018	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERRVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL-REHABILITACION HORREO XUNQUEIRA	36.400,00	36.400,00
241-6250017	DUSI (2) N° 02/12/2018	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERRVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL-ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO PARA OFICINA DE FORMACIÓN Y TENCIÓN DIGITAL	367,44	367,44
241-6260017	DUSI (2) N° 03/12/2018	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERRVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL-ADQUISICIÓN DE EQUIPAMIENTO INFORMÁTICO PARA OFICINA DE FORMACIÓN Y TENCIÓN DIGITAL	695,00	695,00
4312-6320017	DUSI (2) N° 01/16/2018	EMPRESA-AXUDAS NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS EN ZONAS DEPRIMIDAS-REFORMA PLAZA ABASTOS VILAXOAN	23.040,00	23.040,00
333-6320017	DUSI (2) N° 00/01/2021	FAMILIVUL-APOIO FAMILIAS VULNERABLES FAVORECENDO A INCORPORACION SOCIAL E LABORAL-REHABILITACION HORREO DA XUNQUEIRA	28.000,00	28.000,00
231-6260017	DUSI (2) N° 00/02/2021	DEPENDIENT-MEDIDAS CARA A POBOACIÓN DEPENDENTE:NOVOS CENTROS DE DÍA,-CENT. DE DISCAPACITADOS-CONECTA-MAIORES	2.688,00	2.688,00
TOTAIS			91.190,44	91.190,44

TERCEIRO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo

do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes a Proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedentes das operacións de préstamo a longo prazo xa ingresados procedentes dos exercicios 2017, ( N° 2017 / 1 / 79420, PRESTAMO ABANCA) e 2018 (2018 / 1 / 094543 PRÉSTAMO SABADELL 2018), por importe global de 91.140,44€.

CUARTO: O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación dos respectivos servizos desistindo da súa execución.

QUINTO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para o proxecto de gasto con financiamento afectado, que de seguido se indica:

APLICACIÓN	Nº PROX E.	Denominación	IMPORTE	FINALIDADE QUE SE MODIFICA	DESCRIPCION	RLTGF A	APLICACIÓN
333-6230017	DUSI (2) N° 01/12/2018	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERRVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL-REHABILITACION HORREO XUNQUEIRA	36.400,00	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERRVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL	2017 / 1 / 79420 PRESTAMO ABANCA FINANCIAMENTO INVESTIMENTOS 2017	15.257,56	87010
				RESTAURACIÓN PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL	2018 / 1 / 094543 PRÉSTAMO SABADELL 2018	5.966,44	87010
				RESTAURACIÓN PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL	2018 / 1 / 094543 PRÉSTAMO SABADELL 2018	15.176,00	87010
						36.400,00	
241-6250017	DUSI (2) N° 02/12/2018	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERRVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL-ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO PARA OFICINA DE FORMACIÓN Y TENCION DIGITAL	367,44	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERRVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL	2017 / 1 / 79420 PRESTAMO ABANCA FINANCIAMENTO INVESTIMENTOS 2017	367,44	87010
						367,44	
241-6260017	DUSI (2) N° 03/12/2018	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERRVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL-ADQUISICIÓN DE EQUIPAMIENTO INFORMÁTICO PARA OFICINA DE FORMACIÓN Y TENCION DIGITAL	695,00	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERRVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL	2017 / 1 / 79420 PRESTAMO ABANCA FINANCIAMENTO INVESTIMENTOS 2017	695,00	87010
						695,00	
4312-6320017	DUSI (2) N° 01/16/2018	EMPRESA-AXUDAS NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS EN ZONAS DEPRIMIDAS-REFORMA PLAZA ABASTOS VILAXOAN	23.040,00	EMPRESA-AXUDAS NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS EN ZONAS DEPRIMIDAS	2017 / 1 / 79420 PRESTAMO ABANCA FINANCIAMENTO INVESTIMENTOS 2017	23.040,00	87010
						23.040,00	
333-6320017	DUSI (2) N°	FAMILIVUL-APOIO FAMILIAS VULNERABLES FAVORECENDO A	28.000,00	RESTAURACIÓN PATRIMONIO	2018 / 1 / 094543 PRÉSTAMO	28.000,00	87010

	00/01/ 2021	INCORPORACION SOCIAL E LABORAL-REHABILITACION HORREO DA XUNQUEIRA		NATURAL E CULTURAL	SABADELL 2018		
						28.000,0 0	
231- 6260017	DUSI (2) Nº 00/02/ 2021	DEPENDIENT-MEDIDAS CARA A POBOACIÓN DEPENDENTE:NOVOS CENTROS DE DÍA,-CENT. DE DISCAPACITADOS-CONECTA- MAIORES	2.688,00	RESTAURACIÓN PATRIMONIO E NATURAL CULTURAL	2018 / 1 / 094543 PRÉSTAMO SABADELL 2018	2.688,00	87010
						2.688,00	
		TOTAL	91.190,4 4			91.190,4 4	

SEXTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes: Nº02/CF/2021 de modificación de finalidades do préstamo afecto aos proxectos relacionados ao que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos; Expediente Nº02/CE/2021 de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

SÉTIMO: Unha vez aprobados definitivamente os expedientes, serán inseridos e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP; non obstante en aplicación do disposto na Base 10ª das BEO 2021 considerando suficientemente motivada a urxencia do presente expediente polas repercusións negativas que a demora na tramitación dos expedientes pode ter no cumprimento dos prazos de execución e xustificación, o anuncio de aprobación inicial recollerá o estado do orzamento trala modificación e contera a previsión de que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

#### VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario nº02/CE/2021 e de cambio de finalidade de financiamento afectado nº02/CF/2021 como consecuencia de cambios en diversas liñas de actuación da estratexia Vilagarcía Avanza-Fondos FEDER 2014-2020.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (11) e sete abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (3), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente Nº 02/CF/2021 de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de 91.190,44€, segundo o detalle que consta na providencia de Alcaldía, o que suporá baixas de créditos de gastos nas aplicacións e para os proxectos indicados nos

seguintes termos:

Pro.	Eco.	Proxecto	Denominación	CAMBIO DE FINALIDADE
241	6410017	DUSI (2) N° 00/12/2018	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERRVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL	16.320,00
1530	6190017	DUSI (2) N° 00/16/2018	EMPRESA-AXUDAS NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS EN ZONAS DEPRIMIDAS	23.040,00
336	61900	OBRA(2) N° 01/09/2018	RESTAURACIÓN PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL	51.830,44
		TOTAL		91.190,44

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente N° 02/CE/2021 de crédito extraordinario por importe de 91.190,44€ para dotar de crédito os seguintes proxectos de gasto non previstos inicialmente no orzamento 2021:

APLICACIÓN	N° PROXECTO	Denominación	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
333-6320017	DUSI (2) N° 01/12/2018	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERRVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL-REHABILITACION HORREO XUNQUEIRA	36.400,00	36.400,00
241-6250017	DUSI (2) N° 02/12/2018	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERRVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL-ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO PARA OFICINA DE FORMACIÓN Y TENCIÓN DIGITAL	367,44	367,44
241-6260017	DUSI (2) N° 03/12/2018	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERRVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL-ADQUISICIÓN DE EQUIPAMIENTO INFORMÁTICO PARA OFICINA DE FORMACIÓN Y TENCIÓN DIGITAL	695,00	695,00
4312-6320017	DUSI (2) N° 01/16/2018	EMPRESA-AXUDAS NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS EN ZONAS DEPRIMIDAS-REFORMA PLAZA ABASTOS VILAXOAN	23.040,00	23.040,00
333-6320017	DUSI (2) N° 00/01/2021	FAMILIVUL-APOIO FAMILIAS VULNERABLES FAVORECENDO A INCORPORACION SOCIAL E LABORAL-REHABILITACION HORREO DA XUNQUEIRA	28.000,00	28.000,00
231-6260017	DUSI (2) N° 00/02/2021	DEPENDIENT-MEDIDAS CARA A POBOACIÓN DEPENDENTE:NOVOS CENTROS DE DÍA,-CENT. DE DISCAPACITADOS-CONECTA-MAIORES	2.688,00	2.688,00
TOTAIS			91.190,44	91.190,44

TERCEIRO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes a Proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedentes das operacións de préstamo a longo prazo xa ingresados procedentes dos exercicios 2017, ( N° 2017 / 1 / 79420, PRESTAMO ABANCA) e 2018 (2018 / 1 / 094543 PRÉSTAMO SABADELL 2018), por importe global de 91.140,44€.

CUARTO: O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación dos respectivos servizos desistindo da súa execución.

QUINTO: Modificar o Anexo de Invetimentos, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para o proxecto de gasto con financiamento afectado, que de seguido se indica:

APLICACIÓN	N° PROX. E.	Denominación	IMPORTE	FINALIDADE QUE MODIFICA	DESCRIPCION	RLTGF A	APLICACIÓN
------------	-------------	--------------	---------	-------------------------	-------------	---------	------------

333-6230017	DUSI (2) Nº 01/12/2018	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERRVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL-REHABILITACION HORREO XUNQUEIRA	36.400,00	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERRVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL	2017 / 1 / 79420 PRESTAMO ABANCA FINANCIAMENTO INVESTIMENTOS 2017	15.257,56	87010
				RESTAURACIÓN PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL	2018 / 1 / 094543 PRÉSTAMO SABADELL 2018	5.966,44	87010
				RESTAURACIÓN PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL	2018 / 1 / 094543 PRÉSTAMO SABADELL 2018	15.176,00	87010
						36.400,00	
241-6250017	DUSI (2) Nº 02/12/2018	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERRVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL-ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO PARA OFICINA DE FORMACIÓN Y TENCIÓN DIGITAL	367,44	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERRVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL	2017 / 1 / 79420 PRESTAMO ABANCA FINANCIAMENTO INVESTIMENTOS 2017	367,44	87010
						367,44	
241-6260017	DUSI (2) Nº 03/12/2018	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERRVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL-ADQUISICIÓN DE EQUIPAMIENTO INFORMÁTICO PARA OFICINA DE FORMACIÓN Y TENCIÓN DIGITAL	695,00	INCL-AGR DESARROLLO DE PLANES DE INTERRVENCIÓN PARA INCLUSIÓN SOCIAL	2017 / 1 / 79420 PRESTAMO ABANCA FINANCIAMENTO INVESTIMENTOS 2017	695,00	87010
						695,00	
4312-6320017	DUSI (2) Nº 01/16/2018	EMPRESA-AXUDAS NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS EN ZONAS DEPRIMIDAS-REFORMA PLAZA ABASTOS VILAXOAN	23.040,00	EMPRESA-AXUDAS NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS EN ZONAS DEPRIMIDAS	2017 / 1 / 79420 PRESTAMO ABANCA FINANCIAMENTO INVESTIMENTOS 2017	23.040,00	87010
						23.040,00	
333-6320017	DUSI (2) Nº 00/01/2021	FAMILIVUL-APOIO FAMILIAS VULNERABLES FAVORECENDO A INCORPORACION SOCIAL E LABORAL-REHABILITACION HORREO DA XUNQUEIRA	28.000,00	RESTAURACIÓN PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL	2018 / 1 / 094543 PRÉSTAMO SABADELL 2018	28.000,00	87010
						28.000,00	
231-6260017	DUSI (2) Nº 00/02/2021	DEPENDIENT-MEDIDAS CARA A POBOACIÓN DEPENDENTE:NOVOS CENTROS DE DÍA,-CENT. DE DISCAPACITADOS-CONECTA-MAIORES	2.688,00	RESTAURACIÓN PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL	2018 / 1 / 094543 PRÉSTAMO SABADELL 2018	2.688,00	87010
						2.688,00	
		TOTAL	91.190,44			91.190,44	

SEXTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes: Nº02/CF/2021 de modificación de finalidades do préstamo afecto aos proxectos relacionados ao que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos; Expediente Nº02/CE/2021 de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento

vixente, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

SÉTIMO: Unha vez aprobados definitivamente os expedientes, serán inseridos e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP; non obstante en aplicación do disposto na Base 10ª das BEO 2021 considerando suficientemente motivada a urxencia do presente expediente polas repercusións negativas que a demora na tramitación dos expedientes pode ter no cumprimento dos prazos de execución e xustificación, o anuncio de aprobación inicial recollerá o estado do orzamento trala modificación e conterá a previsión de que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**9- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO NOMEAMENTO DUNHA PERSOA REPRESENTANTE MUNICIPAL NO CONSELLO ESCOLAR DO CEIP PLURILINGÜE DE RUBIÁNS.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de xullo de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado por Dona Mª de la O Fernández González comunicando o seu nomeamento como para formar parte do equipo directivo do CEIP Plurilingüe de Rubiáns, como Xefa de Estudos e tendo en conta que estaba nomeada como representante do Concello no Consello Escolar do citado centro, faise necesario o nomeamento dun novo representante.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Por unanimidade infórmase favorablemente o nomeamento de D. Juan Manuel Fajardo Recouso como representante no Consello Escolar do CEIP Plurilingüe de Rubiáns.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21) acórdase aprobar o nomeamento de D. Juan Manuel Fajardo Recouso como representante no Consello Escolar do CEIP Plurilingüe de Rubiáns.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**10 - APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DETERMINACIÓN DAS FESTAS DE CARÁCTER LOCAL PARA O ANO 2022.-** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de xullo de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da ratificación polo Consello da Xunta de Galicia do calendario laboral para o ano 2022 e da súa publicación no DOG do día 7 de xullo de 2021..

O Concello debe remitir á Xefatura Territorial a proposta de festas locais para o ano 2022 aprobada polo Pleno do Concello.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

#### VOTACIÓN:

Por unanimidade de todas as persoas representantes dos grupos políticos municipais presentes na Comisión informase favorablemente a proposta de festas locais para o ano 2022, para os días 23 de maio (día posterior a festividade de Santa Rita) e 16 de agosto (San Roque).

En consecuencia infórmase favorablemente a proposta de festas locais para o ano 2022 para os días 23 de maio (día posterior á festividade de Santa Rita) e 16 de agosto (San Roque).

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21).

ACÓRDASE: Propoñer como festas locais para o ano 2022 os días 23 de maio (día posterior á festividade de Santa Rita) e 16 de agosto (San Roque).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLA VOCEIRA DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS DEREITOS DAS PERSOAS LGTBI E UNHA VILA LIBRE DE LGTBIFOBIA.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de xullo de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila coa data de 20 de xullo de 2021, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, como voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de xullo, a seguinte moción:

**MOCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS DEREITOS DAS PERSOAS LGTBI E UNHA VILA LIBRE DE LGTBIFOBIA.**

No ano 2005, a aprobación do matrimonio igualitario en España supuxo un fito que nos situou como un dos países cunha das lexislacións en favor dos dereitos LGTBI+ máis avanzada do mundo, sendo, ademais, unha das sociedades cun maior compromiso e respecto cara as diversidades afectivo-sexuais e de identidade de xénero. Sen embargo, a esta lei de matrimonio igualitario seguíronlle algunhas leis de ámbito autonómico que desenvolvían cuestións importantes, como poden ser aquelas relacionadas cos dereitos das persoas trans, pero ningunha lei substancial de ámbito estatal que dera continuidade, dende un marco común, ao acadado no 2005. Só este último mes de xuño, púxose fin ao baleiro destes anos, coa aprobación en Consello de Ministros do Anteproxecto de Lei para a Igualdade real e efectiva das

persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI+ que regula cuestións tan importantes como a despatoloxización e autodeterminación de xénero das persoas trans, ou a prohibición das terapias de conversión e a consolidación de dereitos laborais e reprodutivos das persoas LGTBI+. Trátase dun paso importante, que terá que ser acompañado de máis cambios, así como políticas públicas encamiñadas a romper coa precariedade e a discriminación que sofren moitas persoas do colectivo.

A Axencia de Dereitos Fundamentais da Unión Europea ( FRA) publicou en 2020 o maior estudo realizado ata a data sobre delitos de odio e discriminación contra as persoas LGTBI+. Os datos poñen de manifesto que apenas se avanzou desde o último estudo e son especialmente preocupantes no que se refire a persoas trans e intersexuais.

? 1 de cada 5 persoas foron atacadas física ou sexualmente nos últimos 5 anos.

? Os delitos de odio por orientación sexual ou de xénero aumentaron nun 8,6% en España no ano 2019, segundo datos do Ministerio do Interior.

? O 19'3% do discurso de odio on- line reportado en Europa é por orientación sexual ou identidade de xénero, segundo datos da Comisión Europea do ano 2018.

Aínda en 2021, algúns países penalizan as relacións entre persoas do mesmo sexo con pena de morte. Noutros países non cabe a liberdade de expresión LGTBI+; de feito, un dos exemplos máis drásticos neste sentido témolo na Unión Europea coas

declaradas "zonas libres LGTBI" en Polonia. Naqueles Estados nos que non se penalizan as relacións entre persoas do mesmo sexo, as persoas LGTBI+ (que non só as persoas gais ou lesbianas) continúan a sufrir discriminación en moitos ámbitos das súas vidas, dificultades no acceso á vivenda ou no ámbito laboral, etc. En todo caso, tampouco podemos esquecer que en España, a violencia contra a comunidade LGTBI+ existe e vai en aumento.

En Galicia, estamos a vivir unhas últimas semanas nas que os ataques ao colectivo (sexa coa vandalización dos símbolos que representan as reivindicacións do mesmo, ou, nos casos máis violentos, por mor de agresións verbais e físicas a persoas do colectivo LGTBI+) estanse a intensificar. Pintadas en bancos cos cores da bandeiras arco iris ou trans en diferentes concellos (a última o 8 de xullo en Salvaterra), tamén nas paredes dunha vivenda de Boiro na que penduraba a bandeira LGTBI. Os datos de agresións físicas son preocupantes, máis cando moitas delas non son denunciadas. Mesmo en Vilagarcía, fai unhas semanas, un menor gay foi vítima dunha agresión por parte dun grupo de mozos. Tamén, unha parella homosexual foi agredida en A Coruña cunha porra extensible e unha muller trans foi agredida fai uns días no barrio de San Pedro en Santiago de Compostela. Pero, sen dúbida, o caso máis terrible foi o asasinato de Samuel Luiz en A Coruña a mans dun grupo de mozos que o golpearon ata matalo. Fontes da investigación admiten que non está pechada ningunha das hipóteses do homicidio, pero, o feito de que as testemuñas da agresión sinalen o berro de "maricón" dalgún dos agresores mentres golpeaban a Samuel Luiz, introduce un elemento homofóbico durante a mesma que que non podemos obviar.

A Lei 02/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia foi o avance máis importante dado nas institucións a nivel autonómico. Sen embargo, a pouca dotación orzamentaria e de desenvolvemento da mesma a través de recursos e ferramentas institucionais diminuíu a eficacia da súa aplicación. Un dos seus recursos máis importantes, O Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, non foi activado ata finais de 2018, e só nos últimos días vén de aprobar o seu regulamento de funcionamento. Galicia tampouco se dotou de ningunha Lei Trans, como así o fixeron outras comunicades autónomas, a pesar de que os colectivos galegos fixeron unha proposta de lei que foi rexeitada pola maioría parlamentaria do Partido Popular no ano 2017. A boa labor das asociacións en prol dos dereitos LGTBI contrasta coa pasividade institucional á hora de abordar os retos cara unha igualdade real e efectiva do colectivo.

Á par disto, en todo o estado vemos que, tal e como ocorre noutros países europeos, o avance de propostas políticas de ultradereita coincide coa aparición de discursos en contra dos dereitos das persoas LGTBI, os colectivos e as políticas que se veñen aplicando para transformar a nosa nunha sociedade máis xusta, libre e diversa. Converténdose o chamado "pin parental" no símbolo reaccionario contra aquelas políticas que apostan pola educación como a ferramenta fundamental para a igualdade efectiva e a non discriminación das persoas LGTBI+. Como sociedades do século XXI temos a responsabilidade de afrontar os retos da convivencia de



maneira colectiva. Toca reflexionar e avaliar o momento que estamos a vivir tamén dende as institucións, poñendo todas as ferramentas e recursos cos que contamos para implicar ao conxunto da veciñanza, comunidade educativa, axentes sociais e organismos públicos nesta tarefa.

Por todo o anterior, propoñemos ao pleno da corporación de Vilagarcía de Arousa os seguintes ACORDOS

Instar ao Concello de Vilagarcía a:

1. Manifestar o compromiso da corporación cos dereitos coas persoas LGTBI+ e na erradicación da LGTBIfobia.
2. Deseñar, en colaboración cos colectivos e entidades LGTBI e asociacións de hostaleiros, unha campaña cuxo enfoque sexa o dun "ocio nocturno inclusivo e libre de violencia LGTBIfóbica".
3. Promover o diálogo entre instancias públicas, comunidade e escola co obxecto de dinamizar accións conxuntas fronte á prevención da violencia, co fin de evitar os delitos de odio.
4. Promover proxectos de intervención preventivos no ámbito escolar habilitando recursos para levar a cabo as iniciativas consistentes en realización de charlas, obradoiros, elaboración de material didáctico, material especializado (libros de lectura, manuais,...).
5. Deseñar plan de charlas sobre as diversidades afectivo-sexuais nos centros de ensino.
6. Realizar campañas gráficas que promovan o respecto ás diversidades para a súa exposición en centros de ensino, instalacións deportivas e espazos frecuentados pola mocidade.
7. Dinamizar o punto de información LGTBI a través dos seguintes eixos: - Garantir o acceso á información e o acompañamento das persoas LGTBI.
  - Promoción dos dereitos das persoas LGTBI a través de actividades culturais, campañas informativas, charlas, etc.
  - Formación.
  - Fomentar o coñecemento e facilitar o acceso das persoas ao punto de encontro LGTBI, tanto de maneira presencial como a través de ferramentas dixitais.
  - Actuar como punto de conexión entre os colectivos, fomentando a relación entre as entidades LGTBI que traballan no noso concello e facilitando a realización das actividades que desenvolven estes colectivos.
8. Impulsar e traballar xunto a outros concellos na creación dunha Rede de Municipios LGTBI de Galicia coa finalidade de compartir experiencias, crear sinerxías e sumar vontades na defensa dos dereitos das persoas LGTBI+.

Instar ao Parlamento de Galicia a:

1. Comprometerse co cumprimento dos obxectivos da Lei 2/2014 dotándoa de recursos para o desenvolvemento e aplicación da mesma dende a prevención educativa e comunitaria.
2. Dotar aos concellos de recursos para o desenvolvemento e aplicación a nivel municipal da Lei 2/2014.
3. Activar e dotar de recursos ao Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero para que se converta nunha ferramenta realmente efectiva.
4. Realizar, en coordinación co Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, un estudo que reflicta a evolución dos delitos e agresións LGTBIfóbicas en Galicia durante os últimos anos.
5. A elaboración e aprobación dunha Lei Trans de ámbito galego.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de Podemos-Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para o desenvolvemento dos dereitos das persoas LGTBI e una vila libre de LGTBIFOBIA.

Pola voceira do grupo municipal do PP propónse substituír "instar ao Parlamento de Galicia", por "instar á Xunta de Galicia" por ser o organismo competente.

A voceira do grupo municipal de Podemos-Marea da Vila acepta o cambio.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde co cambio citado, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila e,

1. Manifestar o compromiso da corporación cos dereitos coas persoas LGTBI+ e na erradicación da LGTBIfobia.

2. Deseñar, en colaboración cos colectivos e entidades LGTBI e asociacións de hostaleiros, unha campaña cuxo enfoque sexa o dun "ocio nocturno inclusivo e libre de violencia LGTBIfóbica".

3. Promover o diálogo entre instancias públicas, comunidade e escola co obxecto de dinamizar accións conxuntas fronte á prevención da violencia, co fin de evitar os delitos de odio.

4. Promover proxectos de intervención preventivos no ámbito escolar habilitando recursos para levar a cabo as iniciativas consistentes en realización de charlas, obradoiros, elaboración de material didáctico, material especializado (libros de lectura, manuais,....).

5. Deseñar plan de charlas sobre as diversidades afectivo-sexuais nos centros de ensino.

6. Realizar campañas gráficas que promovan o respecto ás diversidades para a súa exposición en centros de ensino, instalacións deportivas e espazos frecuentados pola mocidade.

7. Dinamizar o punto de información LGTBI a través dos seguintes eixos: - Garantir o acceso á información e o acompañamento das persoas LGTBI.

- Promoción dos dereitos das persoas LGTBI a través de actividades culturais, campañas informativas, charlas, etc.

- Formación.

- Fomentar o coñecemento e facilitar o acceso das persoas ao punto de encontro LGTBI, tanto de maneira presencial como a través de ferramentas dixitais.

- Actuar como punto de conexión entre os colectivos, fomentando a relación entre as entidades LGTBI que traballan no noso concello e facilitando a realización das actividades que desenvolven estes colectivos.

8. Impulsar e traballar xunto a outros concellos na creación dunha Rede de Municipios LGTBI de Galicia coa finalidade de compartir experiencias, crear sinerxías e sumar vontades na defensa dos dereitos das persoas LGTBI+.

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Comprometerse co cumprimento dos obxectivos da Lei 2/2014 dotándoa de recursos para o desenvolvemento e aplicación da mesma dende a prevención educativa e comunitaria.

2. Dotar aos concellos de recursos para o desenvolvemento e aplicación a nivel municipal da Lei 2/2014.

3. Activar e dotar de recursos ao Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero para que se converta nunha ferramenta realmente efectiva.

4. Realizar, en coordinación co Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, un estudo que reflicta a evolución dos delitos e agresións LGTBIfóbicas en Galicia durante os últimos anos.

5. A elaboración e aprobación dunha Lei Trans de ámbito galego.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**12- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, SOBRE ACTUACIÓNS DE MELLORA E MANTEMENTO NO PARQUE DA COCA E NA SÚA CONTORNA.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía,

Facenda e Especialde Contas de data 29 de xullo de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP coa data 13 de xullo de 2021, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 29 de xullo de 2021 a seguinte MOCIÓN:

"Actuacións de mellora e mantemento no Parque da Coca e na súa contorna"

#### EXPOÑEN

A Asociación de Veciños Fonte da Coca leva anos demandando unha serie de actuacións e melloras no Parque da Coca e na súa contorna no que se refire a cuestións como a falta de iluminación e a deficiencia no mantemento e limpeza do entorno.

Na última xuntanza mantida con eles, este partido deu o seu compromiso de elevar ao debate público un paquete de medidas que non están a ser atendidas. Algo que xa fixo en decembro de 2018, cando presentou unha moción reclamando actuacións urxentes no Parque da Coca e na súa contorna. Lamentablemente, a maioría desas reclamacións seguen pendentes de resolverse e moitos dos problemas continúan persistindo.

O primeiro dos problemas ten que ver co estado de abandono do parque infantil situado no Parque da Coca. A estrutura de madeira que cubre este espazo presenta numerosos buracos que fan pensar que podería estar afectada por diversos insectos. Os veciños xa en 2018 esixían celeridade na actuación de reparación porque o perigo é manifesto. Sen embargo, actualmente lamentan que aínda non se levou a cabo ningún tipo de tarefa de mantemento ou reparación neste sentido.

Do mesmo modo, tampouco se fixo nada por substituír o chan de pedra/area por un de caucho ou material similar. O cal, ademais de mellorar o uso do mesmo, eliminaría o problema de suciedade que existe actualmente e que desaconsella a súa utilización por parte dos máis pequenos. Existen tamén elementos de xogo que precisan dun arranxo urxente ou mesmo da súa reposición.

Os usuarios do parque seguen solicitando ademais que se leve a cabo unha campaña de limpeza e mantemento dos elementos e mobiliario que o conforman. Non só as mesas e bancos precisan dunha posta a punto, senón que tamén hai que dar solución a outros problemas como a maleza que invade distintas zonas e a presenza de lixo e deposicións de animais na meirande parte do lugar.

A asociación de veciños sinala especialmente o caso da finca pertencente á Casa da Golpelleira, onde se encontra o muíño máis grande da zona e que está totalmente cuberto por maleza. Isto non só supón un perigo en caso de incendio e constitúe un foco de insalubridade, senón que tamén simboliza o pesar da veciñanza pola degradación dun enclave orixinario do século XIX que o Concello debería embelecer e promocionar.

O camiño de pedra que discorre polo parque – especialmente no tramo que une a fonte coa zona de A Laxe – adoece da mesma falta de mantemento, xa que a maioría das pedras que conforman esta senda están levantadas e presentan profundos desniveis. A comprobación visual in situ confirma o perigo que isto supón para os viandantes.

Por último, outra das reclamacións que xa se plantexou no ano 2018 é a que se refire á falta de iluminación na contorna. Neste caso sinalamos especificamente o circuito de bicicletas BMX, que podería ser utilizado todo o ano se dispuxese dunha instalación lumínica axeitada. Un obxectivo ao que tamén contribuiría notablemente a eliminación das pedras presentes nos diferentes desniveis e que supoñen un risco para os usuarios (sobre todo en momentos de baixa luminosidade).

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía

#### SOLICITA

Que o Concello de Vilagarcía acometa, de maneira inminente e atendendo ás peticións veciñais, un paquete de actuacións no Parque da Coca e na súa contorna:

1. Reparación da estrutura de madeira que cubre o parque infantil, por presentar risco para a seguridade dos usuarios.
2. Substitución do chan do parque infantil por caucho ou material similar e reparación e

acondicionamento dos elementos de xogo.

3. Limpeza e mantemento dos elementos do parque e da súa contorna, facendo especial fincapé na eliminación da maleza na zona do muíño e arredores.

4. Levar a cabo as actuacións precisas para solucionar os desniveis nas pedras que conforman a senda que discorre polo parque.

5. Realización de melloras na iluminación no circuito de bicicletas BMX e eliminación dos obstáculos no mesmo.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

As persoas representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre actuacións de mellora e mantemento no Parque da Coca e na súa contorna.

A voceira do Grupo Político Político Municipal do PSG-PSOE presenta a seguinte emenda:

- No apartado 1: retirar "presentar risco para a seguridade"

- No apartado 2: retirar a palabra "caucho".

- A voceira do Grupo Político Municipal do PP acepta a emenda.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde coa emenda citada, sendo o seu resultado o seguinte:

**VOTACIÓN.-** Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21)

**ACÓRDASE:** aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP coa emenda presentada e acometer de maneira inminente e atendendo ás peticións veciñais, un paquete de actuacións no Parque da Coca e na súa contorna:

1. Reparación da estrutura de madeira que cubre o parque infantil,

2. Substitución do chan do parque infantil e reparación e acondicionamento dos elementos de xogo.

3. Limpeza e mantemento dos elementos do parque e da súa contorna, facendo especial fincapé na eliminación da maleza na zona do muíño e arredores.

4. Levar a cabo as actuacións precisas para solucionar os desniveis nas pedras que conforman a senda que discorre polo parque.

5. Realización de melloras na iluminación no circuito de bicicletas BMX e eliminación dos obstáculos no mesmo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, DE APOIO Á ASIGNACIÓN DE RECURSOS DO PROGRAMA "NEXT GENERATION" PARA AS INICITATIVAS LIGADAS AO ÁMBITO DA MOBILIDADE SOSTIBLE NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AORUSA E DEMAISO CONCELLOS GALEGOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de xullo de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP coa data 21 de xullo de 2021, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 29 de xullo de 2021 a seguinte MOCIÓN:

"Apoio á asignación de recursos do programa 'Next Generation' para as iniciativas ligadas ao ámbito da mobilidade sostible no Concello de Vilagarcía de Arousa e demais concellos galegos de menos de 50.000 habitantes"

#### EXPOÑEN

Para axudar a reparar os danos económicos e sociais causados pola pandemia do coronavirus, os dirixentes da UE acordaron un plan de recuperación que liderará o camiño para a saída da crise e sentará as bases para unha Europa moderna e máis sostible. España vai recibir 140.000 millóns de euros dos que 72.000 millóns van ser a fondo perdido.

O Goberno Central presentou un Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no que dous dos seus eixos centrais son a Transición Ecolóxica e a Cohesión Territorial e Social.

A Xunta estima que para contribuír ao desenvolvemento de Galicia en igualdade de oportunidades se debe ampliar o máximo a cobertura territorial dos investimentos destinados á recuperación fronte á pandemia.

Galicia conta cunhas peculiaridades xeográficas e demográficas, entre as que destaca a dispersión territorial, que supón contar con máis da metade dos núcleos de poboación de España. Esta circunstancia implica unha maior necesidade de investimentos per cápita para deseñar e financiar os servizos públicos, incluídos os de mobilidade. E, por outra banda, está demostrado que un pequeno investimento

no noso rural supón un enorme e importante beneficio para o conxunto do territorio e contribúe a fixar poboación.

Tanto as entidades locais como as comunidades autónomas temos competencias moi relevantes en materia de mobilidade.

Pese a iso, o Goberno de España resérvase a maior parte dos fondos para os investimentos en materias da súa competencia. En concreto, as administracións autonómicas terán unha capacidade de decisión sobre o 9% dos fondos, o que en Galicia se traduce nunha cantidade moi pequena, 51 M€ para a actividade da compoñente 1 (Plan de choque de mobilidade sustentable, segura e conectada en contornas urbanas e metropolitanas), que é a que concentra a maior necesidade de investimento. É evidente que con está contía non é posible atender a demanda da sociedade galega nin acometer nos termos plantexados as propostas transformadoras remitidas a través das manifestacións de interese para os fondos "Next Generation".

A Xunta de Galicia xa trasladou ao Goberno Central a súa preocupación pola asignación dos recursos do programa "Next Generation" en relación coas propostas presentadas ligadas ao ámbito da mobilidade sostible, a dixitalización do transporte e a comunicación.

Galicia presentou de maneira xustificada e detallada a través de 4 manifestacións de interese, un total de 18 proxectos por un valor de 910,7 M€, dos que 12 son impulsados dende a Xunta de Galicia e 6 saen da iniciativa privada.

Os criterios fixados polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para os investimentos das Comunidades Autónomas e dos Concellos non son equitativos cos previstos para o Executivo estatal. Son moito máis restritivos en canto o obxecto e prazos, ao non permitir os investimentos dentro de todas as súas competencias de mobilidade e e porque, mentres o Goberno de España ten ata o ano 2026 para a execución deses fondos, o prazo fixado para os Concellos e para as Comunidades é o 2024, algo especialmente

relevante se se ten en conta que moitos dos proxectos precisarían autorizacións sectoriais.

Na derradeira Conferencia Sectorial de Transportes, o Ministerio trasladou ás Comunidades Autónomas que os fondos europeos para a mellora da mobilidade e a dixitalización do transporte deben ser investidos en núcleos de poboación de máis de 50.000 habitantes. Así se confirmou tamén na reunión bilateral entre o Ministerio e a Xunta de Galicia, na que se abordou a asignación dos fondos á nosa Comunidade.

É evidente que este criterio de distribución deixa á marxe do financiamento europeo extraordinario ao 97,8% dos concellos galegos. Deixar fóra da posibilidade de formular proxectos transformadores a maior parte do territorio galego non parece xusto nin coherente dende o punto

de vista do reto demográfico nin dende o punto de vista ambiental.

Dado o restrinxido do financiamento para os Concellos e para a Comunidade Autónoma de Galicia cremos tamén preciso coñecer os proxectos a executar no territorio por parte da Administración Xeral do Estado para poder coordinar e potenciar as ditas actuacións. É esta unha cuestión moi relevante, xa que nos medios de comunicación se foron anunciado actuacións estatais en Galicia que parecen non ter moita coherencia cos obxectivos dos fondos "Next Generation".

Dado que non se produciu ata o momento un cambio de postura no reparto de fondos por parte do Ministerio de Transportes é urxente solicitar unha reorientación e flexibilización dos fondos europeos na procura dunha maior equidade e equilibrio territorial.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía solicita a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Facer chegar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a disconformidade e o malestar do Concello de Vilagarcía

de Arousa por quedar fóra do reparto de fondos europeos "Next Generation" no ámbito da mobilidade sostible.

2. Rexeitar os criterios fixados polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para o reparto dos fondos entre a Administración autonómica e os Concellos de Galicia, por non ser equitativo cos fondos que se reserva o Goberno de España, e porque os criterios fixados polo propio Ministerio supoñen privar aos concellos con poboación inferior a 50.000 persoas de poder recibir investimentos con cargo a estes fondos europeos, excluindo así ao 97,8% dos concellos galegos.

3. Requirir ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana que informe á Xunta de Galicia e aos Concellos dos proxectos que vai executar no seu territorio para poder coordinar e potenciar as ditas actuacións e a súa coherencia cos fondos "Next Generation".

4. Instar ao Goberno de España, e nomeadamente ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a negociar coa Xunta de Galicia e cos Concellos unha reorientación e flexibilización dos criterios de reparto e dos prazos para a execución dos fondos europeos "Next Generation", que permita o acceso aos mesmos en igualdade de condicións, ampliar ao máximo a cobertura territorial dos investimentos, dirixindo tamén cara aos concellos máis pequenos estes fondos destinados á recuperación e á reconstrución fronte á pandemia, para afondar na igualdade de oportunidades e avanzar na loita contra o despoboamento.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo Grupo Político Municipal Do PP, de apoio á asignación de recursos Do Programa "Next Generation" para as iniciativas ligadas ao ámbito da mobilidade sostible no Concello De Vilagarcía De Arousa e demais Concellos Galegos de menos de 50.000 habitantes.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con cinco votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (3), BNG (1) e Ciudadanos (1) e trece votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo Grupo Político Municipal Do PP, de apoio á asignación de recursos Do Programa "Next Generation" para as iniciativas ligadas ao ámbito da mobilidade sostible no Concello De Vilagarcía De Arousa e demais Concellos Galegos

de menos de 50.000 habitantes.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**14.- COMPARECENCIA DO CONCELEIRO DE OBRAS, ALUMEADO PÚBLICO E RELACIÓNS VECIÑAIS LINO MOURIÑO SANTIAGO:** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de xullo de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta do acordo do Pleno da Corporación Municipal de data 24 de xuño de 2021 de aprobación da solicitude de comparecencia a instancia dos grupos político municipais de PP, Podemos-Marea da Vila, BNG e Ciudadanos:

Tras varias reunións do goberno local coa asociación de veciños de Faxilde, este comprometeuse a delimitar e marcar unha parcela propiedade do concello. Pasados uns meses, a asociación non tivo resposta nin veu realizada a súa petición, por iso, os diferentes grupos da oposición formulan as seguintes cuestións para que o responsable municipal informe das xestións realizadas:

1.- Como están os trámites con respecto á parcela de titularidade municipal? ¿Xa se coñece cal é a parcela exacta?

2.- Cal é o motivo da colocación dunhas pedras diante dunha parcela, supostamente privada?

3.- Dado que o concello é propietario de 86 metros cedidos por un veciño, solicítase que explique sobre un plano a ubicación ou situación exacta de eses metros que agora son propiedade do Concello.

4.- Cando van a facer as xestións precisas para que a parcela propiedade do concello volva a ter uso público?

Responderá as preguntas a Concellería de Urbanismo.

A Comisión Informativa queda sabedora.

Na sesión plenaria responde a Sra. Concelleira de Urbanismo ás preguntas formuladas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**15.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.**

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**16.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún

asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, propoñéndose unha moción polo Grupo Político Municipal de Vilagarcía en Común.

Pola Secretaria Xeral dáse lectura ao Artigo 20.1 do Regulamento Orgánico do Pleno, do seguinte teor:

A presentación de mocións súxéitase ás seguintes regras:

1.- Os grupos poderán someter, respectivamente, á consideración do pleno, unha soa moción por razóns de urxencia, que deberá ser entregada no rexistro xeral, polo menos con 24 horas de antelación á realización da sesión plenaria salvo no suposto excepcional de acontecementos relevantes e imprevisibles.

Dado que non se cumpre o disposto no Regulamento orgánico do Pleno rexeitase a presentación por urxencia da citada moción.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

#### **17.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.** Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

#### **18.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.**

Debido á aplicación das normas de distancia social e control de aforo para a prevención do COVID-19 non asiste público á sesión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=18>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:40, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.